

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 15.10.2020      Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 15 de outubro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1 989 (11/POC-000142)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina  
Sobre as razóns do Goberno galego para non limitar na actualidade, mediante a súa regulación, a actividade das casas de xogo e apostas presenciais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 04.09.2020*
- 2 2213 (11/POC-000356)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis  
Sobre o alcance temporal previsto para o peche parcial do Centro de Saúde de Parga, no concello de Guitiriz, e as razóns do Goberno galego para non aceptar a proposta da veciñanza para recuperar a súa plena actividade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020*
- 3 2499 (11/POC-000395)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as listas de espera e tempos de resolución que hai por provincias, desde que se rexistran as solicitudes para o inicio dos expedientes de recoñecemento do grao de dependencia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020*
- 4 2569 (11/POC-000406)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis  
Sobre as medidas postas en marcha e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para garantir a saúde laboral da clase traballadora diante do risco de contaxio pola covid-19, así como sobre as desenvolvidas desde o coñecemento dos primeiros positivos na nave de Avigal no polígono industrial de Cambados. (Procedemento de urxencia)  
*Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 23, do 30.09.2020*
- 5 2690 (11/POC-000425)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis  
Sobre o balance que fai a Consellería de Política Social do  
desenvolvemento da campaña de verán 2020 e das medidas adoptadas  
para ese fin no actual contexto de emerxencia sanitaria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

María Corina Porro Martínez  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
María Corina Porro Martínez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
Iria Carreira Pazos	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Marina Ortega Otero	S
José Alberto Pazos Couñago	P
Noelia Pérez López	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
María Elena Suárez Sarmiento	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 15.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 15.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 989(11/POC-000142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as razóns do Goberno galego para non limitar na actualidade, mediante a súa regulación, a actividade das casas de xogo e apostas presenciais

*Publicación da iniciativa, 11, 04.09.2020*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/08/2020 13:32:58  
Nº Rexistro: 989  
Data envío: 27/08/2020 13:32:58.826

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os gobernos autonómicos e estatal en España, así como os de outros países, están a desenvolver unha intensa tarefa ante a propagación da COVID, os rebrotes e o equilibrio difícil coa necesaria actividade social e económica precisa. Entre estas medidas, recentemente o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde acordou medidas para a limitación horaria do ocio, tratando de evitar o espallamento do virus, ao limitar espazos e situacións de acumulación de persoas.

Como toda medida, a aplicación en cada Comunidade Autónoma necesita da precisión e concreción que cada goberno autonómico de a partir das directrices e indicacións xerais para o estado. Así, é preciso regular segundo tipo de licencias, actividades, etc.

A pesares da situación, existen aínda espazos de ocio con salvedades difícilmente comprensibles. Os centros de xogo, cuxa tendencia debería ser a verse limitados (xa non soamente pola afectación pola pandemia senón pola súa propia afectación sobre a saúde dos usuarios), seguen sendo lugares que salvan a normativa. En Galicia seguen a abrir bingos, casinos e salas de apostas con maior flexibilidade do que o poden facer outro tipo de local de ocio, o que ademais de ser unha evidente competencia desleal provoca un dobre problema a maiores: por un lado acumula as aglomeracións en espazos máis reducidos, pois os clientes se concentran en locais que si dan servizos homologables a bar ou cafetería, en horarios e actividades que outros non poden; por outro lado, este transvase de clientela provoca maior proximidade e facilita condutas de xogo, o que aumenta o problema e exposición ao inicio de condutas aditivas.

A pesares deste problema provocado en Galicia non se coñecen medidas que a Xunta de Galicia, responsable última das licencias para casas de apostas e xogo presenciais, estea a tomar para resolver este problema. A Lei do xogo autonómica foi prometida polo Goberno da Xunta de Galicia na lexislatura pasada pero nunca chegou á tramitación parlamentaria e isto favoreceu a lasitude con que este tipo de negocios salvan a lexislación.

CSM-REXISTRO-TRAMITACION  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/08/2020 13:32:58**  
**Nº Registro: 989**  
Data envío: 27/08/2020 13:32:58.826

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Por que o Goberno galego non regula para limitar a actividade de casas de apostas e xogo presenciais na actualidade?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 27/08/2020 13:30:05**

**Marina Ortega Otero na data 27/08/2020 13:30:20**



CSV: REXISTROXROQZPEUB

Verificación

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 15.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 2213(11/POC-000356)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o alcance temporal previsto para o peche parcial do Centro de Saúde de Parga, no concello de Guitiriz, e as razóns do Goberno galego para non aceptar a proposta da veciñanza para recuperar a súa plena actividade

*Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/09/2020 09:53:26  
Nº Rexistro: 2213  
Data envío: 21/09/2020 09:53:26.835

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 26 de marzo do ano en curso foille comunicado ao Concello de Guitiriz que, ante a crise sanitaria que se estaba a vivir por mor da expansión do Coronavirus o servizo de atención primaria no municipio se ía centralizar no Centro de Saúde de Guitiriz.

Informaron tamén de que o consultorio de Parga permanecería pechado mentres durara o Estado de Alarma, recuperando o servizo cando se restablecera a normalidade. Isto supón o traslado de 1500 pacientes que se atendían neste centro médico a Guitiriz, que pasa a atender arredor de 5000 pacientes, contando con só tres facultativos, nun momento coma o actual no que a carga de traballo se multiplica.

Este peche foi motivado, segundo a Xerencia da EOXI pola imposibilidade de garantir a dobre circulación de usuarias/os e por non contar cun habitáculo para illar, no caso de ser preciso, a calquera doente con sospeita de sufrir contaxio por coronavirus.

O día 11 de xuño, con data para o fin do estado de alarma posta para o día 15 dese mes, nunha visita ao CS de Guitiriz, confirman que se manterá o peche do centro e





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/09/2020 09:53:26**  
**Nº Rexistro: 2213**  
Data envío: 21/09/2020 09:53:26.836

se fará unha apertura parcial, 2 días á semana para a realización de extraccións, contando con enfermeira e PSX como único persoal.

No seu momento a centralización da asistencia supuxo unha maior concentración de persoal e doentes no CS de Guitiriz co risco que isto comportaba, tanto de contaxio alí mesmo como de diseminación do virus, mais as medidas de alarma e a garantía de nova apertura fixo aceptable esta decisión para a poboación a pesares de todos os inconvenientes que supoñía.

Levantado o estado de alarma e constatada a continuidade do peche do consultorio, a veciñanza está indignada porque se mantén a perda deste servizo esencial para Parga. Así o demostran as mobilizacións que viñeron realizando e que chegaron a xuntar 200 persoas diante do Hospital HULA de Lugo ou 500 nunha cadea humana que percorreu toda a Vila.

A Xerencia da EOXI e a Consellería están sendo insensíbeis ás necesidades da poboación e ao prexuízo que causa non ter asistencia sanitaria en Parga, xa que hai pacientes que viven até a 30 minutos de Guitiriz, non así de Parga, co se produce, nomeadamente para as persoas maiores un incremento do custo e do esforzo destinado ao desprazamento

Reseñamos a maiores que isto provoca unha diminución da vida social e económica na Vila de Parga xa que o centro médico serve de aglutinador e atrae pacientes á Vila, onde realizan as compras diarias ou consumen nos seus locais, polo que o peche actúa, claramente, en prexuízo da economía local.

A propia poboación organizouse para ofrecer alternativas ás autoridades sanitarias para recuperar a actividade plena neste centro garantindo as máximas medidas de seguridade, consistentes na instalación dun módulo prefabricado a carón do CS que

CSV REXISTRO DO OBE: G276  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/09/2020 09:53:26**  
**Nº Rexistro: 2213**  
Data envío: 21/09/2020 09:53:26.836

constaría das seguintes dependencias: sala de observación, consulta e vestiarios con duchas para o persoal. A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Parga ofreceu incluso asumir o custe íntegro do seu alugueiro. Con isto habería garantías suficientes para usuarios/as e persoal no caso de ter algún caso sospeitoso ou potencial.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Canto vai durar o peche deste Centro?
- Esta situación de semiapertura suporá unha transición cara o peche definitivo?
- Por que non aceptou a Xunta a proposta veciñal?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

**Asdo.: Carmen Aira Díaz**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Olalla Rodil Fernández**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSX: REXISTRO do Obxecto G276  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/09/2020 09:53:26**  
**Nº Registro: 2213**  
Data envío: 21/09/2020 09:53:26.836

**María del Carmen Aira Díaz na data 21/09/2020 09:51:20**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2020 09:51:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2020 09:53:07**

CSV, REGISTRO DE OBJETOS  
Verificados  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 15.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 2499(11/POC-000395)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as listas de espera e tempos de resolución que hai por provincias, desde que se rexistran as solicitudes para o inicio dos expedientes de recoñecemento do grao de dependencia

*Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/09/2020 18:06:50  
Nº Rexistro: 2499  
Data envío: 24/09/2020 18:06:50.562

## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No ano 2006 o Goberno socialista crea a Lei de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, máis coñecida coma “Lei de Dependencia”. Trátase dunha lei que transforma unha realidade silenciada para dar solución aos coidados básicos da vida diaria en casos de persoas cunha dependencia.

Lamentablemente nos anos de goberno do Partido Popular no Estado, así coma nos últimos 11 anos na Xunta de Galicia, fixeron que esta lei sufrira recortes que a mudarían por completo.

Os prazos que a Lei establece son 3 meses para a resolución de grao e outros tres meses para a resolución do Programa Individual de Atención, ou o que é o mesmo 180 días como máximo.

En Galicia estamos lonxe de cumprir os prazos que por lei se establecen, polo que moitas persoas permanecen en agarda a que cheguen as súas resolucións sen percibir a libranza ou servizo que precisan e ao cal teñen dereito.

No últimos anos veuse incrementado a lista de agarda dun xeito preocupante, repercutindo negativamente no benestar e nos coidados básicos da vida diaria das persoas con dependencia en Galicia.

Ademais atopámonos inmersos nun momento complicado nun contexto da pandemia motivada pola Covid-19, que agravaba a situación moito máis se cabe. Persoas dependentes, das cales moitas continúan o confinamento nas súas casas, e outras moitas con graos III que xa o facían de xeito habitual debido as circunstancias.

Por todo elo é urxente que dende Galicia se aporten respostas e solucións a unha realidade silenciada, con recursos para atallar a situación coa maior celeridade posible.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO(A)145Ta9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/09/2020 18:06:50**  
**Nº Registro: 2499**  
Data envío: 24/09/2020 18:06:50.562

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cales son as listas de agarda e tempos por provincias tendo en conta os expedientes dende que se rexistran para o inicio de expediente?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro do 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 24/09/2020 18:02:45**

**Julio Torrado Quintela na data 24/09/2020 18:02:59**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 15.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 2569(11/POC-000406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas postas en marcha e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para garantir a saúde laboral da clase traballadora diante do risco de contaxio pola covid-19, así como sobre as desenvolvidas desde o coñecemento dos primeiros positivos na nave de Avigal no polígono industrial de Cambados. (Procedemento de urxencia)

*Publicación iniciativa vía urxencia, 23, 30.09.2020*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/09/2020 13:17:03  
Nº Rexistro: 2569  
Data envío: 28/09/2020 13:17:03.839

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ao gromo de COVID-19 na nave de Avigal no polígono de Cambados.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola preocupación social diante do gromo de COVID-19 na nave de Avigal no polígono de Cambados.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de ser coñecida a existencia dun gromo masivo de coronavirus na empresa Avigal situada no polígono industrial Sete Pías do concello de Cambados. A día de hoxe son máis de 100 as persoas afectadas entre traballadorxs, familiares e contactos.

É moita a preocupación no conxunto da comarca do Salnés, toda vez que as persoas que traballan nesta empresa residen en diferentes concellos da comarca e todo indica que poden ser moitas as persoas asintomáticas que estiveron días desenvolvendo actividades cotiáns con normalidade pola comarca, co que significa de multiplicación de contactos.

CSM - REXISTRO DE CALIFICACIÓN  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/09/2020 13:17:03  
**Nº Registro: 2569**  
Data envío: 28/09/2020 13:17:03.839

Segundo a información recollida nos medios de comunicación os días 12 e 13 de setembro xa había traballadorxs con síntomas, traballadorxs con contactos con positivos que seguiron traballando, que a pesar desta situación mantiveron a actividade produtiva e até o sábado 26 non se pechou a empresa para proceder a limpar e desinfectar a nave a fondo.

Esta situación fixo saltar todas as alarmas e son moitos os interrogantes sobre como se ten actuado que precisan resposta. Detectar xs positivxs, identificalxs, illalxs e facer seguimento dos contactos é unha carreira contra o tempo, e a magnitude do gromo parece indicar que non se actuou con celeridade.

Se unha empresa ten casos de positivos o normal é que de inmediato se tomen medidas drásticas para protexer a saúde das persoas que traballan nela e cortar a cadea de contaxios: realizar probas a todo o persoal, illamento inmediato dos contactos, desinfección das instalacións e parar a produción se hai un número de positivos que fan sospeitar un contaxio xeneralizado.

Todo indica que nada diso se ten realizado na nave de Avigal en Cambados; todo indica que tanto a empresa como a Xunta coñecían desde había días a existencia de positivos, a pesar do cal continuouse traballando, pon en evidencia que a empresa primou a actividade fronte á saúde dxs traballadorxs e que o Sergas sabía deste gromo e non actuou.

Este contaxio masivo prodúcese nun contexto de tensión e nerviosismo xeneralizado nas empresas pola situación de desprotección e desamparo no que se atopa a clase traballadora diante do risco de contaxio pola COVID-19.

CSV REGISTRO FRONTADO M35W9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/09/2020 13:17:03**  
**Nº Rexistro: 2569**  
Data envío: 28/09/2020 13:17:03.839

O BNG non acepta que se pretenda desviar a responsabilidade cara teóricas actuacións individuais dxs traballadorxs como orixe dos contaxios; moi ao contrario o que está a acontecer en Avigal ten que servir para analizar como están actuando os responsábeis das empresas e a Administración, que están facendo para prever contaxios no ámbito laboral, que seguimento e inspeccións se realizan para verificar a implementación e cumprimento de protocolos de prevención, para garantir distancias de seguridade nos postos de traballo, vestiarios que permitan cambiarse con condicións de hixiene, existencia de materiais de protección, de hidroxelos para desinfeccións, espazos axeitados para os descansos...

É preciso rematar coa situación de que diante da sospeita de contaxio xs traballadorxs teñen que enfrontarse a toda unha carreira de obstáculos para conseguir ser atendidxs. As mutuas non se están responsabilizando da realización de probas de detección de Covid-19, son xs propixs traballadorxs os que teñen que acudir xs médicxs de familia.

Consideramos imprescindible saber que fallou para que practicamente a totalidade do cadro de persoal dunha empresa con máis de 100 traballadorxs acabe contaxiándose e con elxs a moitxs veciñxs da comarca do Salnés.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Que medidas ten posto en marcha a Xunta para garantir a saúde laboral da clase traballadora galega diante do risco de contaxio pola COVID-19?



CSV: REXISTRONTGAdM39w9

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/09/2020 13:17:03**  
**Nº Rexistro: 2569**  
Data envío: 28/09/2020 13:17:03.839

Que accións ten realizado a Xunta para prever contaxios no ámbito laboral pola COVID-19?

Considera que se está realizando o suficiente seguimento e inspeccións para verificar a implementación e cumprimento de protocolos de prevención, para garantir distancias de seguridade nos postos de traballo, existencia de vestiarios que permitan cambiarse con condicións de hixiene, existencia de materiais de protección, de hidroxelos para desinfeccións, espazos axeitados para os descansos... ?

En que data tivo coñecemento o Sergas dos primeiros positivos na nave de Avigal no polígono industrial de Cambados?

Que accións realizou desde ese momento e en que datas?

En que data se lle realizaron probas a todxs xs traballadorxs de Avigal e con que resultado?

Como é posíbel que se tivera coñecemento dos primeiros positivos na nave de Avigal os días 12 e 13 de setembro e até o 26 non se tivera pechado a empresa para desinfectala?

Non lle parece que a actuación que se está levando a cabo no gromo de Avigal mostra permisividade e falta de control tanto por parte da empresa como da Consellaría de Sanidade?

Segundo as últimas informacións, Avigal non poderá reabrir até que a Consellaría comprobe que cumpre cos protocolos Covid-19, non se realizou a verificación dos mesmos até agora?

CSX: REXISTRO N° GAD0435949  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/09/2020 13:17:03**  
**Nº Rexistro: 2569**  
Data envío: 28/09/2020 13:17:03.839

En que data informou a Xunta aos concellos da comarca da existencia de positivos na nave de Avigal, que comunicación mantén cos mesmos?

Está controlado o agromo, localizadxs todxs xs positivxs e os seus contactos ou hai transmisión comunitaria na comarca do Salnés?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2020 13:16:13**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2020 13:16:22**

**Iria Carreira Pazos na data 28/09/2020 13:16:31**

CSX: REXISTRO N° 2569  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 15.10.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 2690(11/POC-000425)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o balance que fai a Consellería de Política Social do desenvolvemento da campaña de verán 2020 e das medidas adoptadas para ese fin no actual contexto de emerxencia sanitaria

*Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020*

## Á Mesa do Parlamento

**Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O verán de 2020 estivo, como non podía ser de outro xeito, fortemente marcado pola influencia da pandemia de covid-19 que estamos a sufrir.

A pesares desta situación de dificultade, e consciente das necesidades das familias galegas, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia decidiu manter a súa Campaña de Verán. Galicia foi unha das tres únicas Comunidades Autónomas nas que se mantivo esta campaña, e a segunda con maior número de prazas ofertadas no conxunto do Estado.

A implementación dos protocolos de actuación ante o Covid-19, a profesionalidade e bo facer dos monitores, xunto coa responsabilidade amosada polo conxunto de mozas e mozos que participaron nas distintas actividades, posibilitaron que a campaña de verán rematase sen que tivese lugar nin un só positivo.

Este balance sanitario, sen dúbida inmillorable, se complementa cun evidente éxito de participación que amosa o acertado da decisión valente que tomou a administración autonómica, e demostra que con unha axeitada planificación, resulta posible manter este tipo de actividades minimizando os riscos de contaxio e garantindo a seguridade sanitaria de profesionais e usuarios.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión.

Cal é o balance que fai a Consellería de Política Social da campaña de verán 2020 e das medidas adoptadas para o seu desenvolvemento no actual contexto de emerxencia sanitaria ?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/09/2020 09:50:59**  
**Nº Registro: 2690**  
Data envío: 30/09/2020 09:50:59.842

**Asinado dixitalmente por:**

**José Alberto Pazos Couñago na data 30/09/2020 09:47:18**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 30/09/2020 09:47:32**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 30/09/2020 09:47:56**

**Noelia Pérez López na data 30/09/2020 09:48:05**

**María Corina Porro Martínez na data 30/09/2020 09:48:34**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 30/09/2020 09:48:48**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV REGISTRO: 30/09/2020 09:50:59.842  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/09/2020 09:50:59**  
**Nº Registro: 2690**  
Data envío: 30/09/2020 09:50:59.842

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/09/2020 09:49:06**

CSX: REGISTRO317/CM188  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

